



BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PERSOA PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA LOCAL.

1ª Obxecto.

Estas bases teñen por obxecto regular o proceso selectivo para a creación dunha bolsa para os efectos de contratación laboral temporal para a cobertura de UNHA (1) persoa para a oficina de Turismo a tempo completo e na modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado que permita cubrir as necesidades do Concello cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Necesidade do servizo
- Incapacidade temporal
- Permiso por paternidade/maternidade

O sistema de selección será a través de oposición de conformidade co recollido nas presentes bases e nas Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo Rías Baixas .

A urxencia da contratación vén motivada por necesidades do servizo.

2ª Ámbito temporal da bolsa e características da contratación.

A bolsa de emprego terá unha vixencia de 4 anos e perderá a súa vixencia cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Finalización do prazo de duración.
- Creación dunha nova bolsa coas persoas aspirantes que deriven dun novo proceso selectivo convocado para cubrir prazos de igual categoría e grupo de clasificación con persoal laboral fixo ou funcionario de carreira.
- Desaparezan as circunstancias que motivaron a cobertura da praza.

Na selección do persoal integrante das diferentes listas da bolsa de emprego respectaranse os seguintes principios:

- Publicidade das convocatorias e dos requisitos para integrar as listas da bolsa.
- Igualdade, de acordo cós requisitos xerais de acceso ao emprego público e os requisitos do posto.
- Mérito e capacidade.
- Transparencia na xestión do proceso.





Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado para a prestación do Servizo de información turística local , coa categoría de C1 e grupo de cotización 5, cunha xornada establecida en 37,5 horas semanais, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá ou tarde, cos descansos que regulamentariamente correspondan. A categoría do posto

A duración máxima do contrato será de 3 meses.

3ª Retribucións e financiamento

As contratacións financiaranse con cargo á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo Rías Baixas e con cargo aos orzamentos do Concello de Bueu para o exercicio correspondente.

As retribucións brutas para o posto serán as correspondentes á categoría e posto recollidos no Convenio de Persoal Laboral do Concello de Bueu.

4ª Funcións

As tarefas a realizar están relacionadas coa información turística local aos turistas e visitantes no punto de información municipal e consistirán en:

- Asesorar e informar ao turista no punto de información tendo en conta as normas de protocolo básicas.
- Guiar e asistir aos turistas respecto de visitas, traslados,...empregando as estratexias de comunicación adecuadas.
- Informar e conducir a turistas e viaxeiros, fomentando o respecto pola riqueza do patrimonio cultural e natural.
- Atender as continxencias, imprevistos e queixas que poidan xurdir.

5ª Requisitos das aspirantes.

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deben cumprir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:

1.Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos nos arts. 56 e 57 do RD lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do EBEP. Os estranxeiros residentes legalmente en España poderán acceder aos postos convocados e reservados para persoal laboral, debendo acreditar na fase de comprobación de requisitos,





unha vez superado o proceso selectivo, que reúnen as condicións legais para a súa contratación.

2. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

3. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade de xubilación prevista na normativa vixente.

4. Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) dalgunha das seguintes titulacións:

- **Ciclo superior de Guía, información e asistencia turísticas.**
- **Certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante (Código HOTI0108).**
- **Grao en Turismo ou equivalente.**

5. Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado ou informe médico oficial. Deberá ser achegado unha vez finalizado o proceso selectivo unicamente por aquelas candidatas que se propoñan para ser contratadas.

Para estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade coas demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitación físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño de traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades coas demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

6. Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións asignadas á praza convocada.

7. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1984, do 26 decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

6ª Solicitudes e prazo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, a través da sede electrónica ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei de procedemento administrativo, coa seguinte documentación:

- Modelo de instancia de participación no proceso selectivo (**Anexo II**), que estará **disponible na web do Concello (www.concellodebueu.gal)**.
- Copia do DNI ou documento acreditativo da súa identidade.





- Acreditación da titulación esixida para desempeñar o posto.
- Acreditación documental de posuír o título do CELGA 4 ou equivalente, homologado de acordo co grupo de titulación dos postos, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, para os efectos da exención da proba de coñecemento da lingua galega.

O prazo para a presentación de solicitudes é de **5 días hábiles** dende a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

Por razón de urxencia, naqueles casos en que non se presente a solicitude a través do Rexistro xeral do Concello ou sede electrónica municipal será necesario remitir unha copia da solicitude rexistrada ao enderezo "persoal@concellodebueu.gal" dentro do prazo de presentación de solicitudes.

7ª Procedemento de selección

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase o listado provisional de admitidas e excluídas, así como o motivo da exclusión, de ser o caso. A partir de aquí haberá un prazo de **2 días hábiles** para a emenda de documentación. Logo publicarase o listado definitivo.

O procedemento de selección será o de oposición e consistirá na realización de 2 probas teóricas de carácter obrigatorio e eliminatorio.

1ª PROBA: Tipo test de 20 preguntas.

Relacionado coas tarefas propias do posto de traballo a desenvolver en base ao temario que figura como Anexo I a estas bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal.

O exercicio terá lugar na data e hora sinalado polo tribunal en chamamento único, e as aspirantes que non concorran ao mesmo perderán o seu dereito a participar no proceso, sen posibilidade de aprazamento da proba de ningún tipo.

As candidatas admitidas deberán acudir provistas de DNI ou equivalente e bolígrafo de cor azul ou negro para a realización da proba.

O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter un mínimo de 5 puntos. Ao remate do exercicio e rematada a corrección do mesmo, o tribunal fará pública a relación de aspirantes coa puntuación do proceso.

2ª PROBA: Coñecemento da lingua galega.

Exercicio de carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, coa tradución dun texto do castelán ao galego durante un tempo máximo de 30 minutos.

Cualificarase de apto/non apto.





Estarán exentos da realización deste exercicio as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título do CELGA 4 ou equivalente homologado de acordo co grupo de titulación do posto, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Unha vez publicada a relación de aspirantes coa puntuación total do proceso selectivo, o tribunal concederá un prazo máximo de **2 días hábiles** para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

No caso de producirse empates nas puntuacións do exame, resolverase a través de sorteo público.

8ª Tribunal cualificador.

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e non poden ser parte do mesmo os funcionarios interinos nin o persoal eventual.

O Tribunal estará integrado por:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a da Corporación Municipal, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.
- Secretario/a: Un funcionario/a do Concello de Bueu con titulación igual ou superior á esixida para os postos convocados
- Vogais: 3 funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Bueu ou de calquera outra administración pública, con titulación igual ou superior á esixida para os postos convocados.

Así mesmo nomearanse un número igual de suplentes para cubrir as posibles ausencias ou vacantes dos membros titulares.

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o





non previsto nas presentes bases. A actuación do tribunal rexerose polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

9ª Aprobación da bolsa de emprego.

A proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ditará resolución aprobando a creación da bolsa de emprego coa relación de persoas que superaron o proceso selectivo por orde de maior a menor puntuación. Esta resolución publicarase no taboleiro electrónico de anuncios e na páxina web do Concello para o coñecemento das persoas interesadas e demais efectos legais.

A contratación de persoal segundo proceda para o posto de traballo ofertado efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego.

10ª Funcionamento da bolsa de emprego

O funcionamento da bolsa de emprego respectará os principios igualdade de oportunidades e non discriminación.

1. Cando se deba proceder a unha contratación temporal ou nomeamento ofertáraselle o posto de traballo á primeira persoa aspirante da lista, a través de chamamento telefónico ao número de teléfono facilitado polos integrantes da bolsa de emprego no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación.

Así, co obxectivo de garantir unha adecuada eficacia deste procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto para os efectos do chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres avisos, durante ese día e o seguinte, a distintas horas.

2.- Daráselle un prazo de 24 horas desde o chamamento para que acepte ou renuncie o posto ofertado. En caso de que non exista resposta ao chamamento, enténdese que renuncia ao posto e poderá chamarse á seguinte persoa candidata da lista.

3.- De terse respondido ao chamamento no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito :

3.1.- Suspensión.

No suposto de rexeitamento da oferta, a interesada deberá alegar algunha das causas/situacións xustificadas que a continuación se relacionan, dando lugar a conservar a súa posición ordinal dentro da bolsa de traballo (suspensión).

De non ser así, sen ter alegado algunha destas causas (ou téndose alegado, sen acompañarse da posterior xustificación documental no prazo indicado), sería eliminado da bolsa.

As causas/situacións de suspensión serán as seguintes:

a) Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de





paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables, que deberá acreditarse mediante un xustificante do sistema público de saúde ou certificado médico oficial no caso de mutualistas.

b) Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.

c) Estar en situación de servizo activo noutra Administración pública, acreditado mediante a oportuna certificación de servizos, que inclúa a data de comezo destes.

d) Estar en algunha das situacións de servizos especiais incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

e) Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.

A documentación xustificativa da existencia de causas/situacións de suspensión deberá presentarse no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos 15 días hábiles desde o cesamento ou terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

3.2.- Aceptación

No suposto de aceptación da oferta, o/a interesado/a deberá tomar posesión, e iniciar a relación de servizo, no prazo fixado ao efecto, previo resolución de nomeamento por parte da Alcaldía; debendo achegar, antes de dito nomeamento, a seguinte documentación:

- Certificado ou informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que o/a inhabilite para o desenvolvemento das funcións propias da praza
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. **(Anexo III).**
- Número de afiliación á Seguridade Social /copia tarxeta sanitaria.
- Número de conta para o ingreso da nómina.

3.3 Baixa definitiva

Serán causas de baixa definitiva na bolsa de traballo as seguintes:

- O rexeitamento da oferta sen causa xustificada segundo o establecido nestas bases.





- Renuncia voluntaria á permanencia na bolsa de traballo.
- Non reunir os requisitos esixidos para o nomeamento (ou terse producido falsidade dos mesmos).
- Non tomar posesión, nin iniciar a relación de servizo, no prazo e/ou datas establecidos para o efecto; agás causa xustificada e/ou de forza maior alegada (e que deberá ser valorada e, de ser o caso, aceptada por parte do órgano convocante e responsable do nomeamento que, neste caso, será a Alcaldía).
- A existencia de expediente disciplinario que conleve a separación do servizo, ou atoparse en situación de inhabilitación absoluta e/ou definitiva para o desempeño de empregos públicos.
- Falecemento, incapacidade permanentemente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

Ao cesar na relación de servizo, o/a aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa de emprego.

11ª.- Publicidade do procedemento

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na páxina web municipal www.concellodebueu.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://bueu.sedelectronica.gal>). O anuncio da convocatoria publicarase no boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

12ª.- Protección de datos de carácter persoal.

Mediante a participación no referido proceso, as persoas titulares de datos de carácter persoal consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, as participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, a outras administracións públicas así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición e cantos outros dereitos se atopen recollidos no RGPD (UE) 2016/679 e na Lei





3/2018, de 5 de decembro sobre Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, mediante escrito dirixido ao enderezo electrónico persoal@concellodebueu.gal ou comunicación dirixida ao Concello de Bueu, referencia protección de datos, rúa Eduardo Vincenti, 8, 36930 Bueu (Pontevedra).

13ª.—Disposicións derradeiras

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación e no Estatuto dos Traballadores.

Segunda.—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do sector público, na lei 39/2015 de procedemento administrativo común, así como na Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.





ANEXO I

TEMARIO

XERAL:

1. A Constitución Española de 1978: Dereitos e deberes fundamentais.
2. Lei 7/85 , de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local: A organización municipal.

ESPECÍFICO:

1. Lei 7/2011 de Turismo de Galicia: organización e competencias da administración galega, dereitos e obrigas das persoas usuarias turísticas, recursos, organización e calidade turísticos; dereitos e obrigas das empresas turísticas, réxime para o exercicio de actividades e prestación de servizos turísticos; empresas de aloxamento turístico.
2. As Rías Baixas.
3. Espazos naturais protexidos no concello de Bueu.
4. Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia: o parque nacional, valores, autorizacións.
5. Rueiro e praias do concello de Bueu.
6. O Museo Massó. Centros museísticos, medioambientais e de interpretación en Bueu.
7. Principais eventos e festas en Bueu.
8. Medios de transporte en Bueu: principais empresas e rutas.





Anexo II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO

Bolsa de emprego oficina de turismo

D/DNA			
DNI		ENDEREZO	
CP		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		PROVINCIA	
TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO	

EXPOÑO:

Á vista da convocatoria dun proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación dun/ha **informador/a turístico/a local** para a oficina de turismo e considerando reunir os requisitos esixidos na base quinta, de conformidade coa documentación que se xunta e co coñecemento e expresa aceptación das bases da convocatoria,

SOLICITO:

Ser admitido/ a no proceso selectivo, de conformidade coas bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA:

- Copia DNI
- Titulación esixida para o posto.
- Celga 4.

MARCAR A OPCIÓN PARA O EXAME:



Galego



Castelán

Bueu, de de 2021.

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BUEU.

Rexistro Xeral do Concello





ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN MOTIVOS DE INCOMPATIBILIDADE

D/^a

provisto/a de D.N.I. n^o....., con enderezo na

R/.....núm. piso.....

C.P..... Localidade,.....Municipio.....

Provincia.....C.P.....Teléfono.....

De conformidade coas Bases de Selección que regulan a bolsa de emprego para a contratación temporal dun/ha **informador/a turístico local**

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Bueu,.....de.....202

Asdo:

